

SINATURA DIXITAL RECOÑECIDA NOS DOCUMENTOS VISADOS

Co obxecto de conferirlle ós documentos visados electronicamente unha maior capacidade para a verificación por parte de terceiros (concellos, propiedade, etc.), o COAG incorporará ós arquivos PDF visados unha sinatura dixital recoñecida, isto é, consonte ó artigo 3.3 da Lei 59/2003 de *Firma Dixital*.

1. ¿QUE SUPÓN?

A inclusión da sinatura dixital sobre o arquivo PDF non supón modificacións do contido do proxecto, senón que establece un mecanismo de control de identidade de quen realiza o visado (o arquitecto de visado do COAG) e da integridade do documento (non foi modificado). A utilización dun certificado recoñecido na sinatura dixital garante plenamente estes mecanismos de control.

2. ¿COMO SE PODE VERIFICAR A SINATURA DO DOCUMENTO?

2.1. Requisitos

Calquera persoa poderá realizar a validación do documento dixital de xeito gratuíto, para o cal terá que:

1. Dispoñer do lector de PDF *Adobe Reader*, que é gratuíto e se pode obter en <http://www.adobe.es>
2. Instalar o *plug-in* (opción para o lector PDF), que se pode descargar en <http://www.coag.es/serviciossdixitais/descargas/VerificarTercerosGratuitoPlug-in.zip>
3. Estar conectado a Internet no momento de verificala sinatura.

2.2. Procedemento de verificación


Si se dispón dos medios anteriores, ó abrir o documento PDF o Adobe Reader tentará verificar a sinatura. Se o documento está asinado dixitalmente, aparecerá marcada a solapa de firmas e un símbolo indicándoo. Ademais, se o documento está protexido, tamén figurará o icono correspondente.

Na seguinte figura esquematízanse os distintos pasos para proceder á verificación da sinatura dixital unha vez aberto o arquivo:


1. Se o documento está asinado dixitalmente, amosarase a pestana de firmas e figurará un icono indicándoo.
2. facendo click no icono poderemos acceder ás propiedades de firma e seguridade, así como as instrucións para realizar as verificacións.
3. Facendo click na pestana de firma, amosarase a información detallada desta (identidade de quen asina, data e hora, razón e validez).
4. Dende a sinatura dixital, podemos acceder ó certificado co que esta foi realizada.
5. Os detalles do certificado (Entidade emisora, entidade vinculada, períodos de validez, etc.) tamén poden ser verificados.

1


2




3




4




5



Os arquivos visados dixitalmente quedan protexidos contra extracción e modificación de contidos. En calquera caso, a propia sinatura proporciona un mecanismo para verificar se o arquivo sufriu algunha alteración desde que se asinou. Pódese acceder á versión do arquivo asinada orixinalmente.



Sinatura de documento alterado



Comprobación de orixinal de documento alterado

3. Conclusión

Deste xeito, de modo gratuíto e sinxelo, calquera persoa (administración, propiedade, etc.) pode verificar a identidade do asinante e a integridade do documento, aportando os arquivos dixitais do proxecto, por separado, ou conxuntamente coa súa versión impresa. Se só se dispón da versión impresa, a verificación está supeditada á confianza de quen recibe o proxecto, ó igual que nas modalidades de visado físico (pegatina ou selo de tinta).

Este mesmo documento pode atoparse asinado dixitalmente, a modo de exemplo, na dirección: <http://www.coag.es/serviciosdixitais/descargas/exemplosinatura.pdf>

4. Máis información

- <http://www.coag.es/serviciosdixitais>
- Web de Adobe: www.adobe.es
- Guía elaborada polo Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) sobre o a sinatura electrónica: http://www.coag.es/serviciosdixitais/descargas/Guia_Sinatura_Electronica.pdf

TROCOS INTRODUCIDOS NAS MARCAS DE VISADO

Para os documentos visados a partir do **23 de Marzo de 2006**, a ubicación do selo de visado mudará de posición, estampándose á dereita do papel na dirección de lectura.

En todas as páxinas dos arquivos a visar, deixarase un espazo de 6.00 x 4.00 cm. reais no extremo dereito da páxina. A ubicación do selo será a seguinte:



O valor da altura **d** da imaxe dependerá do tipo de papel.

1. **Para documentos en A4, ou similares**, (Memorias, presupostos, etc.), **d** será de 1,5 cm.
2. **Para documentos de tamaño superior a A4** (normalmente planos), **d** será de 6,5 cm.

Existe unha lixeira rotación do selo sobre a horizontal (5º), para facelo destacar sobre a información orixinal.

Ademais, na marxe dereita de todas as páxinas dos documentos visados, figurará un texto que advirte da orixe dixital do proxecto.

Lembrar que todas as marcas de visado incluídas nos arquivos co fin de certificar os documentos impresos, se fan como “marca de auga”, é dicir, que a información do proxecto prevalece sempre sobre as propias marcas. Por iso, é conveniente evitar a presenza de imaxes ou fotos onde se ubiquen os selos, así como zonas de alta concentración de símbolos ou textos. A invisibilidade do selo de visado é un motivo de retención.